



## TÍTULO V CORPORACIONES LOCAIS



## VI. TÍTULO V CORPORACIÓN S LOCAIS

### **CAPÍTULO I.** Financiamento e cooperación económica coas corporación s locais

#### **Artigo 56.-** *Créditos asignados ás corporación s locais.*

O montante total dos créditos que se asignan ás corporación s locais nos estados de gastos que se detallan no artigo 2 desta lei, derivados da súa participación no Fondo de Cooperación Local e da subscrición de convenios e da concesión de subvención s, ascende a 291.730.779 euros, coa distribución funcional que figura no Anexo 5.

#### **Artigo 57.-** *Dotación e distribución do Fondo de Cooperación Local.*

Un.- Conforme ao indicado na disposición adicional quinta da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2011, a porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral, homoxeneizados como se indica no parágrafo seguinte, queda establecida no 2,4782546 % para o exercicio de 2015 e corresponde na súa totalidade ao fondo base.

No exercicio 2015 o índice de evolución correspondente á recadación dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos, homoxeneizada coas variación s dos tipos impositivos estatais do IVE e dos impostos especiais comunicadas polo Estado para ese exercicio, é negativo respecto á do 2011, polo que non se repartirá fondo adicional entre os concellos.

Dous.- O crédito orzamentario destinado ao pagamento das entregas a conta correspondentes á participación das entidades locais nos tributos da comunidade autónoma, ascende a 112.972.806 euros que corresponden ao fondo base.

Tres.- Con anterioridade ao reparto do fondo base deducirase un importe equivalente ao 1 %, sen que poida exceder de 600.000 euros anuais, que se destinarán aos gastos de mantemento propios da Federación Galega de Municipios e Provincias. A cantidade restante será obxecto de distribución entre todos os concellos de Galicia, conforme aos coeficientes que se establecen no Anexo 6.

Catro.- O disposto nas alíneas Un e Tres será aplicable na distribución da entrega a conta e da liquidación definitiva do exercicio 2015.

Cinco.- Para determinar a liquidación definitiva de 2013 tomarase a recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos homoxeneizada coas variacións dos tipos impositivos do IVE e dos impostos especiais comunicadas polo Estado para ese exercicio, sen que o importe total desta liquidación poida ser inferior a 112.972.806 euros. A distribución desta liquidación definitiva realizarase aplicando a cada concello o coeficiente de reparto e as regras de distribución que lle correspondeu na entrega a conta do exercicio que se liquida.

Seis.- Cando no transcurso do exercicio se poña fin a procedementos de fusión ou de incorporación de concellos, o concello resultante da fusión ou incorporación percibirá a suma das entregas a conta correspondentes a cada concello fusionado ou incorporado e, no seu caso, as liquidacións definitivas que, para cada un deles se satisfagan no 2015. Do mesmo xeito, o concello resultante destes procedementos terá dereito a percibir a suma das liquidacións que polo exercicio 2015 correspondesen aos concellos fusionados ou incorporados.

**Artigo 58.-** *Transferencias derivadas de convenios ou subvencións.*

As transferencias ás entidades locais de Galicia derivadas da subscrición de convenios ou da concesión de subvencións, que figuran recollidas nos diferentes programas dos estados de gastos que se detallan no artigo 2 desta lei, ascenden a 178.757.973 euros, coa distribución funcional que figura no anexo 7.

**CAPÍTULO II** *Procedemento de compensación e retención do Fondo de Cooperación Local*

**Artigo 59.-** *Débedas obxecto de compensación.*

Un.- As cantidades que lle correspondan a cada concello como participación no Fondo de Cooperación Local, serán susceptibles de compensación coas débedas vencidas, líquidas e exixibles, que teñan contraídas coa comunidade autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio das súas potestades administrativas.

Dous.- En particular, poderán ser obxecto de compensación, as cantidades vencidas, líquidas e esixibles debidas á administración da comunidade autónoma e ás entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio das súas potestades

administrativas, como danos e perdas derivadas do incumprimento de convenios administrativos de colaboración.

A estes efectos, entenderase que son líquidas as cantidades que a comunidade autónoma teña abonado a terceiros a consecuencia do incumprimento do convenio pola entidade local. Estas cantidades comunicaranse ao concello, acompañando as facturas ou outros documentos que acrediten os gastos realizados, e tras a audiencia deste, aprobaranse por resolución motivada.

Tres.- Ademais, poderán ser obxecto de compensación coa participación no Fondo de Cooperación Local, as achegas dos concellos que, en virtude de convenio coa Xunta de Galicia e as súas entidades instrumentais, teñan a condición de vencidas, liquidadas e exixibles.

Catro.- Por último, poderán ser obxecto de retención, as cantidades que as entidades locais municipais deban satisfacer ás mancomunidades ás que pertencen de acordo co disposto na lexislación da Administración local. Tamén as que deban satisfacerse a outras mancomunidades, concellos e consorcios que xestionen servizos en común, como consecuencia da súa obriga de participar no financiamento e mantemento destes servizos e sempre que así se estableza de xeito expreso no instrumento regulador asinado entre as partes, e que este instrumento lle sexa comunicado, con carácter previo ao seu asinamento, á Consellería de Facenda para que autorice a utilización do procedemento de compensación.

**Artigo 60.-** *Procedemento para a compensación das débedas e posterior retención nas entregas a conta.*

Un.- No caso de débedas vencidas, líquidas e exixibles coa Xunta de Galicia, os seus organismos autónomos, as axencias públicas, e as demais entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio de potestades administrativas, o procedemento de retención iniciarase por solicitude do órgano ao que lle corresponde a competencia no procedemento executivo de recadación da débeda, quen previamente terá ditado o oportuno acordo de compensación desta e o terá notificado ao concello debedor.

Neste suposto, corresponderalle ao órgano encargado da xestión do Fondo de Cooperación Local ditar o acordo de retención, tanto nas entregas a conta do fondo que se deban realizar ao concello debedor durante o exercicio corrente coma na liquidación definitiva anual deste que se realice durante o devandito exercicio, tendo en conta o

establecido no artigo seguinte en canto á orde de prelación de débedas nos supostos de concorrencia.

Dous.- O procedemento previsto na alínea anterior tamén se aplicará ás débedas incluídas na alínea Tres do artigo 59. Non obstante, cando o propio convenio contemple expresamente a posibilidade de realizar a retención no Fondo de Cooperación Local, o procedemento limitarase ao sinalado respecto ao acordo de retención.

Tres.- No caso de débedas con entidades locais que non dependen da comunidade autónoma, o procedemento de retención iniciárase por solicitude do alcalde ou presidente da entidade local acreedora da débeda, que acompañará a esta solicitude a certificación do seu responsable de recadación na que se faga constar a denominación, o concepto e o importe da débeda cuxa retención se solicita e mais a data na que se produciu o vencemento do período de pagamento comunicado para facela efectiva. Ademais, á solicitude incorporárase copia compulsada do documento (estatutos da entidade, convenio de prestación de servizos, ou calquera outro) do que dimane a vinculación xurídica entre as partes e ampare a obrigatoriedade da débeda reclamada e tamén achegárase o plan de pagamentos que se propón.

Neste suposto, corresponderalle ao órgano encargado da xestión do Fondo de Cooperación Local ditar o acordo de retención tanto nas entregas a conta do fondo que se lle deben realizar ao concello debedor durante o exercicio corrente como na liquidación definitiva anual del mesmo que se realice durante o devandito exercicio, tendo en conta o establecido no artigo seguinte en canto á orde de prelación de débedas en supostos de concorrencia.

#### **Artigo 61.-** *Orde de prelación na concorrencia de débedas.*

Un.- Cando concorran varias débedas que deba satisfacer o mesmo concello, a retención practícase tendo en conta a seguinte orde de prelación:

1. A débeda correspondente á liquidación anual do Fondo de Cooperación Local, cando esta tiver carácter negativo.
2. As restantes débedas previstas no artigo 59.

Dous.- No caso de que a liquidación anual do Fondo de Cooperación Local ao concello teña carácter negativo, procedérase á súa retención, por partes iguais nas entregas a conta correspondentes ás catro mensualidades inmediatamente seguintes ao coñecemento da liquidación, podendo alcanzar ata o 100 % da contía asignada a cada entrega a conta.

Se a contía desta liquidación negativa supera o importe desas catro mensualidades, continuará a practicarse a retención, conforme as condicións anteriormente sinaladas, nas mensualidades sucesivas ata que se extinga a débeda.

Tres.- Cando o importe que haxa da liquidación anual de carácter negativo o permita e, no acordo de retención, concorran outras débedas previstas no artigo 59, a retención, ata a extinción total das débedas, poderá alcanzar ata o 100 % da contía asignada, tanto en cada entrega a conta coma na liquidación definitiva anual correspondente á participación no fondo, ao respectivo concello. Esta retención aplicarase ás débedas seguindo estritamente a orde de prelación establecida neste artigo.

Catro.- Se no acordo de retención existe concorrencia das débedas previstas no grupo 2 da alínea Un deste artigo e cando a contía de todas elas supere a cantidade máxima susceptible de retención, esta ratearase entre aquelas en función dos seus importes.

Cinco.- A contía que haxa que reter no conxunto do exercicio poderase reducir cando se xustifique a existencia de graves desfasamentos de tesouraría xerados pola prestación daquelas obrigas relativas a:

- O cumprimento regular das obrigas de persoal;
- A prestación dos servizos públicos obrigatorios en función do número de habitantes do municipio;
- A prestación de servizos sociais, protección civil e extinción de incendios, para cuxa realización non se esixa ningunha contraprestación en forma de prezo público ou taxa equivalente ao custo do servizo realizado.

Non se poderá establecer en ningún caso unha porcentaxe de retención para o conxunto das restantes débedas previstas na alínea Un deste artigo inferior ao 50 % da entrega a conta ou da liquidación definitiva anual correspondente ao concello.

Nos procedementos de redución da porcentaxe de retención, o órgano xestor do Fondo de Cooperación Local ditará a resolución correspondente, tendo en conta a situación financeira da entidade e a necesidade de garantir a prestación dos servizos públicos obrigatorios. Para iso, a entidade local deberá achegar, con carácter imprescindible e non exclusivo:

- Certificado expedido polos órganos de recadación das entidades acreedoras polo que se acredite ter atendido o pagamento das obrigas correntes nos doce meses precedentes ao mes inmediato anterior á data de solicitude da certificación;

- Informe da situación financeira actual suscrito polo interventor local que inclúa o cálculo do remanente de tesouraría na data de solicitude da redución da porcentaxe de retención e poña de manifesto os termos nos que a devandita situación afecta ao cumprimento das obrigas recollidas no parágrafo primeiro desta alínea;
- Plan de saneamento, aprobado polo Pleno, que inclúa o exercicio en curso.

Na resolución fixarase o período de tempo no que a porcentaxe de retención deberá ser reducida, sen que caiba a extensión deste máis alá da finalización do exercicio económico. En todo caso, tal redución estará condicionada á aprobación pola entidade local dun plan de saneamento, ou á verificación do cumprimento doutro en curso.

Seis.- As débedas obxecto de retención nun exercicio que non se extinguisen ao termo deste, recibirán, dentro do grupo ao que se refire a alínea Un deste artigo, tratamento preferente para o exercicio seguinte, de maneira que as débedas pertencentes ao mesmo grupo, cuxa compensación se solicite nese exercicio, concorrerán con aquelas só cando a aplicación dos límites porcentuais que, en cada caso, prevexa este artigo o permita.

Sete.- As resolucións nas que se declara a extinción das débedas con cargo ás cantidades que se retivesen corresponderán, en cada caso, ao órgano legalmente competente que teña atribuída a xestión recadatoria, de acordo coa normativa específica aplicable, e producirán os seus efectos, na parte concorrente da débeda, desde o momento no que se efectuou a retención.